A Historia da Literatura Galega 12

Do rexurdimento ao renacemento

La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

- UN PROXECTO EDITORIAL DE ERA PUBLICACIONES, S.L.
- COORDINADOR XERAL: JOSÉ ANTONIO PONTE FAR

Textos: M.ª Luz Ínsua Ramil, M.ª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

Corrección lingüística:
M.ª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

Deseño: M. Malvido
Maquetación e montaxe:
M.ª Teresa Puga, María G. Grandal
Produción: Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Victoria G. Lastra, Rebeca Zapata, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez e Nieves G. Centeno
Fotografía: Octo Gráfica

Agradecementos: Arquivo do Reino de Galicia, Real Academia Galega, Museo de Pontevedra e Concello de Ponteceso

Edita: © Era Publicaciones, S.L.
© desta edición: La Voz de Galicia, S.A.

Imprime: Imprenta Mundo
Depósito Legal: C 1602-2010
ISBN: 978-84-96561-35-9

A Historia da Literatura Galega 12

DO REXURDIMENTO AO RENACEMENTO

La Voz de Galicia

ÍNDICE

7 1. EDUARDO PONDAL
7 1.1. Vida e obra
20 1.2. Temática
40 1.3. Estilo e significado da súa obra

45 2. O CENTENARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA (1906-2006)

49 3. OUTROS ESCRITORES DO PRIMEIRO RENACEMENTO GALEGO (2.ª METADE DO SÉCULO XIX)
50 3.1. Poesía
53 3.2. Prosa
56 3.3. Teatro
57 3.4. Ensaio

59 4. BIBLIOGRAFÍA DOS TOMOS 9 A 12



Eduardo María González-Pondal foi o último de sete irmáns dunha familia de orixe fidalga que fixo fortuna na emigración

EDUARDO PONDAL 1

1.1. Vida e obra

Eduardo María González-Pondal e Abente naceu en Ponteceso (A Coruña) en 1835, fillo de Juan González-Pondal Frois e Ángela Abente Chaus, veciños de Ponteceso, aínda que naturais de Laxe (A Coruña). É o último de sete irmáns, dous homes e cinco mulleres, dunha familia acomodada. Esta terra pouco explorada marcará de forma singular a súa obra, aparecendo como protagonista do seu mundo épico e lírico. A fortuna da súa familia, de orixe fidalga, permitiulle dedicarse á literatura sen necesidade de buscar un traballo

19-FEB-1899

EL REGIONALISMO

Sr. D. Marcelino Dufaure.

Gustoso aprovecho, amigo mío, el benévolo ofrecimiento de V., para decir en el periódico que tan dignamente dirige, algunas palabras referentes al regionalismo en general; y en especial al regionalismo gallego, el cual miran algunos como cosa vivida y digna del mayor castigo. Se hacen tales afirmaciones acerca de él, de sus condiciones, tendencias y efectos, que en realidad es ya una obra meritoria y de enseñanza desvanecer las dudas con que se pretende mancharle y aclarar más de un punto sobre el cual se arrojan á diario todas las sombras y sospechas posibles.

La hora es propicia, y no doz ó tres artículos, sino un libro, sería forzoso escribir si había de decirse cuanto conviene para demostrar la legitimidad de sus aspiraciones y probar—en los momentos mismos en que tanto empeño se pone en sostener lo contrario—que es doctrina salvadora de la unidad y posible prosperidad del Estado español. Y no debe extrañarse que así sea y así se obtenga contra lo que proclaman sus enemigos, porque también dicen que el regionalismo es cosa nueva siendo más que antigua; tómanle por ensayo peligroso y rigió durante largo tiempo los destinos de las principales regiones españolas; le suponen propia tan sólo de las razas germánicas y rigió potente entre los neo-latinos; fruto de otras edades y es tan actual, que viene á ser

pañol. No soporta el sacrificio de las libertades particulares de las regiones, pero tampoco desertó del altar de la patria común. Juntos hemos errado los españoles, juntos debemos espiar nuestras faltas y si es posible corregirnos de ellas. Más cuando se buscan nuevos derroteros, cuando so pena de muerte se siente la necesidad de reformar lo que no por viejo, pero sí por inútil y perjudicial, ha sido causa de los males que tienen hoy á España en una de las más amargas situaciones de su historia, sería una torpeza, más aun, una cobardía manifiesta en los que hemos proclamado los redentores principios regionalistas, renegar de ellos y dejar pasar el momento propicio de afirmarlos.

También se nos acusa de retrógrados, y es este un punto tan importante ó más que los anteriores, que se necesita esclarecer. El regionalismo, contra lo que sostienen sus adversarios, no acepta el absolutismo, ni predica la vuelta á lo que ya pasó para siempre jamás. Proclama muy alto que es por esencia *régimen de libertad*; el más grande y el más necesario. Está unido estrechamente á los principios liberales y en ellos se informa. Pertenece á la nueva sociedad, y como ningún otro sistema político, permite poner en práctica lo que constituye el *desideratum* de la política moderna, *la política experimental*.

Cierto que las regiones, existentes todavía ante la conciencia pública y la propia conciencia, toman de la vida anterior de que gozaron y las hicieron unas y distintas, el fundamento del derecho que les asiste á acentuar su personalidad

Artigo de Murguía publicado en *La Voz de Galicia* a favor das ideas rexionalistas

remunerado. Realizou os primeiros estudos na reitoral de Vilela de Nemiña (Muxía), na que Cristóbal de Lago, cura e parente do poeta, preparaba aos mozos da comarca para poder acceder aos estudos ou para gobernar de mellor forma a súa facenda. Desta época procede a súa formación clásica, que completará máis tarde coa lectura doutros autores (Macpherson, Dante, Shakespeare, Byron, Camões...), o que fixo del, segundo a opinión dos seus coetáneos, o poeta máis culto do rexurdimento. Nin Curros nin Rosalía, máis preocupados pola claridade da súa mensaxe que polo estilo, se propuxeron a creación dunha lingua literaria culta. Será Pondal o que se propoña pulir indefinidamente a súa obra poética ata levar o idioma á categoría de lingua de cultura. Todo isto non quere dicir que na súa obra non estean presentes temas populares, que el transforma e renova.

Entre 1848 e 1854 alternou estadías de breve duración entre Ponteceso, o seu pobo natal, e Santiago de Compostela, onde foi para cursar o bacharelato e máis tarde a carreira de Medicina. De estudante frecuentou o Liceo da Mocidade, onde había faladoiros literarios; alí coñeceu a Murguía, Aurelio Aguirre e Luís Seoane.

Con Aurelio Aguirre e Luís Seoane participou no Banquete de Conxo, acto significativo das ansias de liberdade nas que vivía a mocidade galega culta do seu tempo. Foi organizado polos estudantes liberais en 1856, e nel confraternizaron

Monumento dedicado a Pondal en Ponteceso

O Banquete de Conxo

➜ O acto que pasou á historia como Banquete de Conxo tivo lugar o 2 de marzo de 1856 no entón concello de Conxo, nun xantar de confraternización que logrou sentar na mesma mesa a obreiros, artesáns e estudantes. Esta insólita reunión viviuse como unha ameaza contra o *establishment* social, ao compartir pan e mesa clase traballadora e estudantes; de feito, a carballeira de Conxo onde se celebrou estivo rodeada de soldados mentres durou a comida, ante o medo a unha revolta popular.

A iniciativa do banquete foi do estudante e poeta Aurelio Aguirre, persoa con predicamento na cidade entre os universitarios composteláns e o artesanado.

É durante o banquete cando Aguirre e Pondal pronunciaron os seus discursos, sendo o deste último o máis revolucionario. Ambos os dous serían denunciados por sediciosos e ameazados con seren deportados ás illas Marianas, no Pacífico.

Cartel conmemorativo do 150.º aniversario da celebración do Banquete de Conxo

Ademais de Aguirre e o propio Pondal, no xantar participaron Rodríguez Seoane, Camino, Manuel Murguía, e Paz Nóvoa, así como Rosalía de Castro. Todos eles formaban parte do Liceo da Mocidade compostelán, grupo de apaixonados estudantes que facían de divulgadores das ideas socializadoras e democráticas que bulían entre os obreiros tipógrafos, especialmente en Compostela e Pontevedra.

Nun tempo de numerosas revoltas populares en toda Europa o Banquete de Conxo foi un dos primeiros actos reivindicativos e de toma de conciencia nacional galega, alén de reivindicar os dereitos das clases máis populares do país.

O banquete converteuse nun acontecemento de grande importancia simbólica e real dentro da historia de Galicia.

obreiros e estudantes. Na sobremesa Pondal fixo un brinde en castelán pola soberanía do pobo e en contra de todas as tiranías.

Recordemos que dous anos antes tivera lugar o pronunciamento dos provincialistas, que acabou nos tráxicos fusilamentos da vila coruñesa de Carral, e Santiago aínda vivía esa efervescencia de carácter liberal.

Brinde de Pondal

Caiga, pues, esa turba de reptiles
que ostenta con orgullo sus blasones;
písalos todos cual gusanos viles:
queme el fuego sus necias distinciones:
y habiten sus cernícalos sutiles
la oscura soledad de sus mansiones:
y arrebaten los roncos torbellinos,
el montón de sus viejos pergaminos.



O suceso custoulle máis dun susto estando a piques de ser deportado ás Illas Marianas. Nesta época estábanse formando as ideas que levaron ao rexurdimento litera-

A casa natal de Pondal en Ponteceso é hoxe un museo na súa memoria

rio galego e á aparición do rexionalismo e do nacionalismo. Pondal durante estes anos, que xa tiña vocación de poeta, aínda escribía en castelán, pero a partir da publicación de *Cantares gallegos* de Rosalía (1863) e tamén polas opinións do seu círculo de amizades, especialmente Murguía, Pondal abandonou o uso literario do castelán e concentrouse na creación dun modelo para o galego.

Ao acabar a súa carreira de Medicina en 1860, ingresou como doutor na Armada española, en Ferrol. En 1861 fixo oposicións en Madrid ao corpo de Sanidade Militar pero, logo de conseguir un posto na Fábrica Militar de Trubia, en Asturias, deixou a praza e abandonou de xeito definitivo a súa profesión médica.

O 2 de xullo de 1861 celebráronse na Coruña os primeiros Xogos Florais de Galicia, nos que Pondal participou coa *Campana de Anllóns*, o seu primeiro poema en galego, que se publicou ao ano seguinte no *Álbum de la caridad*.

O poeta Macpherson foi unha grande influencia na obra de Pondal

Pondal apenas exerceu a súa carreira. En 1887 retirouse á súa casa paterna e alí viviu, con frecuentes viaxes a Santiago e á Coruña. Nesta cidade repartiu o seu tempo entre a actividade literaria e a participación no faladoiro da Cova Céltica, que dirixía Murguía. Nela Pondal era considerado «o bardo», designación que asumirá nos seus poemas para referirse a si mesmo, e a súa cosmovisión poética incide na ideoloxía que se respiraba no faladoiro: a reivindicación da identidade galega a partir da suposta orixe celta da comunidade. Alí accede a través de Murguía aos poemas ossiánicos de James Macpherson, que acabarán influíndo na orientación da súa poesía, a cal se centra na creación dun mundo mítico sobre o que asentar o ideario galeguista.

En 1897, un vendaval destruíu a torre da igrexa de Anllóns, á que dedicara o seu soado poema *A campana de Anllóns*; o poeta, conmovido polo suceso, doa o manuscrito e sufraga parte dos gastos da reconstrución que levou a cabo.

Vinte anos antes, en 1877, publicou o seu primeiro poemario extenso, *Rumores de los pinos*, escrito en castelán e que será a base de poemas en galego que o poeta consentiu dar á luz en vida: *Queixumes dos pinos*, volume no que desenvolve todo o seu ideario de rexeneración cultural e espiritual de Galicia como pobo.

O paso que o escritor dá entre *Rumores* e *Queixumes* é significativo dunha mudanza estética, aspecto este que é observable cunha simple comparación dos libros. Dos poemas presentes en *Rumores*, 8 son monolingües en castelán, 11 son monolingües en galego e 2 son bilingües galego-casteláns. En *Queixumes* unicamente hai 2 textos bilingües, fronte aos 89 restantes escritos totalmente en galego.



A estima polas terras de Bergantiños reflíctese na obra do escritor pontecesán

Así mesmo, das 21 composicións de *Rumores*, 17 pasan a *Queixumes* e 4 desaparecen, o cal indica que a novidade do segundo volume con respecto ao primeiro é de 74 textos. Hai que concluír que eses 74 poemas que centran a actividade de Pondal entre 1877 e 1886, datas da publicación dos dous libros, son

A Cova Céltica

➜ A Cova Céltica, unha das moitas expresións dunha época tan efervescente culturalmente como foi o rexurdimento galego, é o nome que recibiu un faladoiro que mantiñan un grupo de intelectuais galegos de ideoloxía rexionalista. Reuníanse na tenda de Uxío Carré Aldao para debater sobre temas relacionados con Galicia.

Uxío Carré, anfitrión da Cova Céltica, como membro da Real Academia Galega

O establecemento era o mesmo que utilizara no seu día Andrés Martínez Salazar como sede da Biblioteca Galega, selo editorial que fundara en 1885 xunto con Juan Fernández Latorre. O local estivo situado, primeiro na coruñesa rúa Rego de Auga, logo no número 30 da rúa Real, para volver novamente a establecerse en Rego de Auga.

O nome de Cova Céltica tivo a súa orixe nun acto de sarcasmo: no século XIX Manuel Murguía difundiu a idea de que o fondo étnico do pobo galego debía ser buscado entre os

celtas. Esta corrente recibe o nome de celtismo, e sobre ela fundouse toda a poesía de Eduardo Pondal. Pola contra, o pontevedrés Celso García de la Riega defendía que eran os gregos os que xeraran o papel atribuído por Murguía aos celtas. Por este motivo, chamouse este grupo de eruditos La Cueva Céltica. Mais os tertulianos apoderáronse deste nome e traducírono ao galego, para pasar a autodenominarse desde aquel momento A Cova Céltica, nome co que pasou á historia.

O órgano de difusión deste grupo foi a *Revista Galega*, de Galo Salinas, na que participaron: Uxío Carré Aldao, Manuel Murguía, Andrés Martínez Salazar, Evaristo Martelo Paumán, Francisco Tettamancy, Florencio Vaamonde Lores, Eladio Rodríguez González e Manuel Lugrís Freire, entre outros. A Cova Céltica estivo intimamente vinculada á constitución da Real Academia Galega, tanto é así que todos os seus integrantes foron nomeados académicos.

Pondal foi nomeado académico honorario da extinta Academia de Poesía Española

froito da súa vontade monolingüe. Vemos como o escritor tende a utilizar exclusivamente o galego, substitúe sustantivos por adxectivos, suprime sentimentalismos amorosos, elimina paisaxes non galegas, introduce imaxes visionarias, incorpora o helenismo e as oposicións cualificativas, cambia a concepción do libro como colección de poemas pola de unidade temática e acaba perfeccionando o estilo.

O 4 de novembro de 1910 a Academia de Poesía Española noméao académico honorario. No acto estiveron presentes, entre outros, Ramón del Valle-Inclán e os irmáns Antonio e Manuel Machado.

A influencia de Pondal sobre Valle-Inclán é manifesta e o narrador español nacido en Galicia ata chegou a ter un personaxe nunha novela inédita co nome do poeta.

Durante os últimos anos da súa vida, sufriu achaques nerviosos con síntomas de teima persecutoria. Finalmente, faleceu o 8 de marzo de 1917 na Coruña, no hotel La Luguesa, logo de facer repetidos testamentos e legar, para rematar, os seus libros á Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago e os seus escritos á Real Academia Galega, da que era membro numerario.

Na rúa Juana de Vega da Coruña, unha placa lembra onde pasou o escritor os seus últimos anos

1.2. Temática

A súa obra, que nun principio foi case exclusivamente de expresión castelá, está constituída por dous grandes grupos de traballos: por unha banda, o que o autor editou en vida e, por outra, todos aqueles textos que foron recollidos posteriormente por Xosé María Álvarez Blázquez, Ricardo Carballo Calero, Amado Recuncho e Manuel Ferreiro, que é autor da edición crítica da súa obra lírica e tamén da edición definitiva de *Os Eoas*.

A campana de Anllóns publicouse por vez primeira no ano 1866


A CAMPANA D' ANLLONS.

EL CANTO DE UN BRIGANTE.

D. EDUARDO PONDAL.

IMPRENTA DE D. EUSEBIO CASCANTE,

Entre os libros e folletos que o autor publicou en vida destacan: *Fátima. Leyenda* (1862); *A campana de Anllóns. El canto de un brigante* (1866); *A fada dos montes. Poesía* (1872); *Rumores de los pinos. Poesías* (1877); *Grandeiras* (1884), e *Queixumes dos pinos* (1886).

O primeiro escrito en galego é un poema publicado, como dixemos anteriormente, en *Mosaico poético de nuestros bates gallegos contemporáneos* do *Álbum de la caridad*. Baixo o título *A campana de Anllóns* ofrécenos as queixas dun prisioneiro de Orán.

Trátase, segundo confesións do autor a Emilia Pardo Bazán, dun poema adolescente pero no que se observa a estima do autor ás terras de Bergantiños, xeografía, máis esgrevia e agreste, que foi referencia esencial para comprender a paisaxe de parte da súa obra. Este poema considérase que toma certa imitación do *Romance del cautivo*, de Góngora.

Góngora é un dos referentes de Pondal, autor cunha sólida formación

Polo que respecta aos volumes publicados logo da súa morte cabe citar: *Poesía galega completa*: I. *Queixumes dos pinos*, 1995; II. *Poemas impresos*, 2001; III. *Poemas manuscritos*, 2002; IV. *Os Eoas*, 2005. *Os Eoas, unha aproximación* (1992) e *Estudos sobre Os Eoas de Eduardo Pondal* (2005).

Todo o seu traballo foi recoñecido pola Real Academia Galega cando o 17 de maio de 1965 lle dedica o Día das Letras Galegas.

Unha vez vista esta reflexión xeral da súa obra, podemos distinguir dúas etapas:


HINO GALEGO

Partitura do himno galego, cuxa letra é de Pondal

a) A primeira etapa (1854-1868) de tendencia romántica, aínda que sen deixar unha sensible influencia clasicista, cultiva literatura en galego e castelán. Ofrece aquí unha primeira versión de *Os Eoas* e o poema *A campana de Anllóns*.

b) A segunda etapa (1877-1886) é a época do rexionalismo e bardismo pondaliano. Asome o papel de bardo do pobo galego, grazas ao mito do celtismo. A esta etapa pertencen *Rumores de los pinos* (1877) e *Queixumes dos pinos* (1886), así como a súa obra mestra, onde reestrutura e reforma a obra anterior de *Os Eoas*.

Carballo Calero sinala que Pondal elaborou en silencio a súa obra, refacendo os poemas ata os últimos momentos da súa vida. Por todo isto pódese sinalar que a súa obra non é moi extensa, dedicándose case a totalidade da súa vida á poesía.

Desde o punto de vista ideolóxico, a súa procedencia aristocrática marcará tanto a súa poesía como a súa actitude de superioridade moral con respecto ao común da xente.

A súa poesía esquece a situación precaria do pobo para centrarse unicamente no problema de rexeneración cultural e espiritual de Galicia. Este enfoque está en boa parte dos seus poemas: tendencia antisocial e pasiva do bergantiñán. Podemos encadralo na teoría rexionalista defendida por Murguía: diferenza social de Galicia con respecto a outras comunidades do Estado español debido á achega deixada polos celtas nesta terra. As súas propostas podían resumirse nunha pequena autonomía fronte ao goberno central e, no terreo cultural, a promoción do galego nas facetas artísticas. Serán a procura obsesiva do rexistro culto para o idioma e o monolingüismo literario a partir dos anos oitenta os que singularizaron a Pondal no ámbito artístico do século XIX.

Pondal e Murguía compartían ideas políticas de índole rexionalista

A súa poesía épico-lírica, que abrangue a maior parte da súa obra, recóllese no seu poemario *Queixumes dos pinos* (1886), no que aparecen poemas reelaborados e ampliados de *Rumores de los pinos* (1877). Pasamos de 21 poemas a 91 en *Queixumes* (17 son de 1877 e 74, novos).

Un dos temas recorrentes na obra de Pondal é o mitolóxico, como fundamento do pasado galego

Queixumes dos pinos está estruturado ao redor de dous núcleos temáticos: civismo (celtismo, helenismo e bardismo) e lirismo (natureza e muller).

Pondal, influído polos historiadores do momento, cantará aos nosos antepasados celtas. Murguía ofrécelle a lectura do *Lebor Gabala Erenn*, manuscrito anónimo do século XII escrito en lingua celta, no que se narra a historia primitiva de Irlanda e as distintas invasións que a poboaron ata a chegada de Breogán.

Non se debe pensar que é Murguía quen o introduce no mundo do celtismo, senón que o poeta xa se interesou polo tema anteriormente.

O poeta procurou crear un mundo mitolóxico poboado de hipotéticos heroes celtas, un pasado mítico e glorioso que xustificase o espírito galeguista, situación propia de sociedades en contexto diglósico e creando un tempo mítico para o pobo de «lingua B».



Os heroes e guerreiros míticos son os portadores do destino colectivo. Escena dun manuscrito da *Chanson de Roland*

Pondal concederá a Breogán e a outros guerreiros míticos un papel fundamental nos seus versos e el mesmo faise portador desa memoria colectiva. É un vate que instrúe e dirixe ao seu pobo, ao estilo dos bardos celtas. O bardo busca o camiño do destino colectivo e intenta guiar aos galegos, que se atopan sumidos na escravitude, cara á liberdade. Con todo, o futuro aparece pouco definido no poemario. En concreto, el é consciente do ambiente de decadencia no que se atopa a vida política e cultural dos pobos hispánicos e, por iso, profetiza que «a luz

virá para a caduca Iberia dos fillos de Breogán» no seu poema *Non cantes tan tristemente*; así, dentro dese afán federalista para a península, propón a reconstrución da cultura atlántica en pé de igualdade con Portugal. A súa ideoloxía sepárase daqueles que exclúen o federalismo e o iberismo como modelo alternativo de autogoberno para Galicia. Como recurso para conseguir os seus propósitos, Pondal válese do helenismo que consiste en usar o modelo literario de poetas da Grecia clásica. El era un gran coñecedor da antigüidade e da mitoloxía clásica. Na súa poesía hai constantes referencias a heroes e guerreiros gregos. O poeta collerá personaxes desa tradición que serán presentados a modo de exemplos

Representación da lenda de Camelot

para que o pobo «aprenda». Un deles é Tyrteo, poeta espartano que na guerra entre Esparta e Meseria colleu a súa lira para invitar aos espartanos a gañar aos seus opresores. Tamén en Pondal lemos:

A lira de Tyrteo

¡Quen tivera ditoso
un tan sublime acento
que do seu fondo sono
despertara os galegos!
¡Oh, quen cumprir pudera
tan xeneroso intento
desenterrando a lira,
a lira de Tyrteo!

En *Queixumes dos pinos*, vemos como hai odas militares ou cantos heroicos encamiñados a levantar os ánimos dos galegos na loita pola recuperación da súa personalidade colectiva. Helenismo que entronca co celtismo no sentido de que os heroes han de ter unha virilidade forte que o poeta lles atribúe a partir do seu código de valores, da súa ética dórica, espartana. Exalta aos espartanos porque son as virtudes militares as que propón para os

galegos. Entre estes guerreiros gregos está Leónidas, personaxe que nas guerras médicas resistiu no paso das Termópilas con 300 soldados contra o exército persa; Brásidas e Espartaco, xefe de escravos posto ao servizo dos máis débiles e que loita pola liberdade. Este último será proposto como modelo de conduta e increpa aos galegos para que non sexan brandos nin escuros e que se acorden «do forte, do rudo Espartaco».

Na súa poesía recreará estados de ánimo moi diferentes: melancolía, porque os bardos non son comprendidos polo pobo e el quere levantar o destino do seu pobo. Ante o fracaso, un sentimento de frustración embarga o seu ánimo, pois o pobo non é consciente dun destino glorioso e está entregado a traballos, son servos, escravos...; soidade, que busca na natureza e contempla, no crepúsculo, as

Leónidas, heroe grego por antonomasia, representa o espírito do bardo

aves que lle provocan un estado soñador. Alí xorden as sombras da noite, símbolo da morte entendida como descanso e liberación, non como destrución e fin.

A alma do Bardo

Cando no escarpado Ougal
apunta a soa froriña,
anunciando ao cazador
do ano a estación garrida;
cando da doce Fungar
ás curvas praias marinas
en noo tecido voando
chegan as lixeiras píllaras:
entonces do bardo a alma
que soña entre as uces irtas,
apoiado na súa arpa,
en donde o vento suspira;
mentras que os fillos dos homes
danse ás faenas da vida,
entonces do bardo a alma
visita a melancolía.

O bardo, óleo de John Martin



Unha das primeiras edicións de *Queixumes dos pinos*, da Real Academia Galega

Outro elemento presente en Pondal é o ossianismo, influxo dos poemas de James Macpherson, poeta escocés que no século XVIII publica *Poemas de Ossián*, bardo do século XIII, do que el asegurara ser o tradutor. En realidade ese bardo celta non existiu e Macpherson era o verdadeiro autor dos poemas, o que non é simple evocación dun pasado de ilusión, senón que latexa unha intención patriótica, unha vontade de superación colectiva. O seu único heroe documentado é Breogán. Os outros heroes celtas son sacados da toponimia galega: Gondar, Brandomil, Ourens...

A súa poesía é, pois, cívica. Cría que o pobo galego tiña algo de diferenciador e un deses elementos era a lingua. Tratará de defender a nosa lingua porque é o elemento que axuda a Pondal a manter a diferenza do celtismo. Aséntase no pasado para avanzar cara ao futuro, que el soña de gloria para Galicia:

A FALA

Nobre e harmoniosa
fala de Breogán,
fala boa, de fortes
e grandes sin rival
[...]

Pero Pondal é tamén un gran poeta lírico (sen deixar de ser bardo) e, como tal, reinventa unha paisaxe que, inspirada en Bergantiños e con vontade de reproducir a toda Galicia, ten unha representación agreste, recreada case sempre como non contaminada pola man do home e como bucólica. Simboliza a liberdade que posúen a flora e a fauna non domesticadas (miñatos, corzos, uces...)

Os dous símbolos esenciais na súa poesía son a árbore e a ave. A súa árbore preferida é o piñeiro, cumprindo unha misión bárdica: os seus queixumes fan referencia á raza de Breogán, habendo unha equivalencia entre galego e piñeiro, símbolo de raza. Utiliza árbores masculinas para resaltar a fortaleza física (castaño, piñeiro) e femininos no caso contrario. Doutra banda está a copa, parte máis alta da árbore, onde se colocan, o que el chama, «presentes aéreos» (paxaros, anxos, ventos...). A árbore tamén é a visión da súa infancia, xogo e vivencia erótica, exército en formación de combate...

Outro dos elementos simbólicos pondalianos son as aves, que representan a liberdade

As árbores son o símbolo da raza galega

Por outra banda, a ave simboliza a liberdade (corvos, falcóns, golondrinas...).

Na súa poesía circulan dous eixos principais: terra e aire. O primeiro leva nocións de poeta, bardo, patria... e o segundo, vento, paxaros, fadas, música...

Un último núcleo temático é o referido á muller, a cal aparece tratada de dúas formas: idealizada, como ocorre no poema *Eu sei dunha doce meiga*, de influencia romántica; e rebaixada a simple obxecto sexual, como se observa no poema *Pilleina antre os pinos soa*, onde vemos a postura tradicional e popular da muller, presa do home. Á beira destes significados, a muller pondaliana simboliza tamén a revelación e moitas das súas heroinas aparecen como portadoras da gran verdade mítica ou, noutros


OS
LVSIADAS
de Luis de Ca-
moẽs.
COM PRIVILEGIO
REAL.
Impreſſos em Lisboa, com licença da
ſa: Ela Inquiſição, & do Ordina-
rio: em caſa de Antonio
Gõçalvez Impreſſor.
1572.

Os Lusíadas, de Camões é unha obra de referencia para Pondal

casos, como portavoces da nostalxia da terra, como no poema *Vamos mi buena Rentar.*

-Vamos, mi buena Rentar,
deja una vez tus tristezas;
estás ya convaleciente
de tu penosa dolencia;
[...]
-O meu lugar é Gundar,
cabo da beira da terra
[...]

Se nos referimos á súa poesía épica, *Os Eoas*, poema épico que non chega a publicar en vida, é a mostra máis clara da constante revisión á que sometía a súa obra. Isto pode verse no cambio de título, inicialmente *A América descoberta*, logo *Colón* e, finalmente, *Os Eoas*. Polo camiño quedan outros títulos, como *Colombo* ou *As Hespéridas*.

A obra reflicte o pensamento pondaliano nos seus anos de mocidade. O título refírese aos «fillos da Aurora», nome que os indíxenas deron aos españois cando os viron aparecer polo lado da aurora. O tema dos descubrimentos era materia propia da lite-

A muller na obra de Pondal é unha figura idealizada

Luís de Camões, a maior influencia de Pondal

Retrato do poeta luso Luís de Camões, una das figuras máis influíntes en Pondal

➜ De Luís Vaz de Camões, considerado como o maior poeta en lingua portuguesa, non se sabe moito; naceu probablemente en Lisboa en 1524, cidade onde faleceu a finais de século. Algunhas teorías indican que Camões podería estar emparentado co trobador galego Vasco Pires de Camões e, por parte materna, co navegante Vasco de Gama.

Tras un breve paso por Coímbra, onde tería frecuentado as aulas de humanidades e adquirido a gran bagaxe cultural que demostra posuír nas súas obras, regresou a Lisboa. Levou unha vida bohemia, atribuíndoselle mesmo amoríos coa infanta dona María, irmá do rei Manuel I de Portugal. En 1553, tras ser preso por un altercado, parte á India, un dos poucos feitos plenamente documentados da súa vida. Na India asentouse na cidade de Goa, onde escribiría gran parte da súa obra.

No seu regresou a Portugal, naufragou nas costas de Mozambique e foi no país africano,

forzado a quedarse por falta de medios para continuar a viaxe, onde o seu amigo Diogo do Couto o encontrou «tan pobre que vivía dos amigos». Foi este quen lle pagou a viaxe ata Lisboa, onde chegou finalmente en 1569. Pobre e enfermo, en 1572 conseguiu publicar a súa grande obra, *Os Lusíadas*, grazas ás influencias dalgúns amigos próximos ao rei Sebastián I de Portugal. En recompensa aos servizos prestados á patria, o rei concédelle unha modesta pensión, que non salva ao poeta da extrema pobreza. Faleceu en Lisboa o 10 de xuño de 1580; tiña 56 anos. Un amigo tivo que pagar a sepultura.

A obra lírica de Camões publicouse póstumamente, se ben hai diferentes edicións líricas camonianas e non hai unha completa certeza en canto á autoría dalgunhas das pezas líricas.

Considéraselle o maior poeta portugués, situándose a súa obra entre o clasicismo e o manierismo.



O bardo na súa casa natal, en Ponteceso

ratura do século XVI, pero a tradición galega non achegaba ningún modelo, pois Galicia estaba mergullada nos chamados Séculos Escuros. Con todo, Pondal atopou o seu punto de referencia na literatura portuguesa, en Camões e *Os Lusíadas*, que narra as expedicións marítimas dos portugueses e o descubrimento de novas terras. Foi o famoso escritor portugués quen máis influíu no noso autor, non só na temática, senón tamén na forma, sempre encamiñada a unha literatura culta, pendente en todo momento da tradición latina.

Cando faleceu Pondal, o orixinal de *Os Eoas* pasou á Real Academia Galega, pero o manuscrito está formado por unha serie de oitavas reais sen enumerar, cheas de correccións a miúdo inintelixibles. Desta situación derívase a imposibilidade dunha análise estética profunda.

O profesor M. Ferreiro atopa un manuscrito mecanografado polo sobriño do poeta, ditado por Pondal en 1915, xustamente dous anos antes da súa morte. Este texto é a base da edición que a Real Academia Galega publica no 2005 e que se pode considerar o texto definitivo.

A Real Academia Galega, na Coruña, custodia o manuscrito orixinal de *Os Eoas*

1.3. Estilo e significado da súa obra

Levado por un afán de dignificar a lingua, Pondal creou un galego literario e culto a partir da fala de Bergantiños. Seleccionará o seu léxico, cultismos de orixe grega, baseándose nun criterio fónico. Para dar idea de firmeza recorre ás palabras esdrúxulas (brétema, belíxero...) e para indicar claridade usa as agudas (lanzal, vendaval...). Todos estes coidados non lle impiden usar un galego cheo de dialectalismos propios da súa zona (*muito, miñán, perdeu...*)

Nos recursos estilísticos, simboliza os heroes celtas cos piñeiros e carballos, os cales lle revelan ao bardo unha mensaxe de liberdade, identificada en animais libres como os corvos, miñatos, píllaras... A súa poesía pode entenderse en clave heroica mediante a antítese doce-férreo. Entre as palabras que apuntan ao doce temos: brando, vago, muliebres... Fronte a estes elementos negativos están os positivos, que fan referencia ao férreo: masculino, duro, forte, ousado...

Outro recurso, sacado da épica grega, é a utilización dun epíteto para referirse a un substantivo, creando así un clima de misterio; así, a «areosa» é o pobo de Laxe, «ou nobre» é Gundar, «vos rumorosos» son os piñeiros, «as vagamundas» son as anduriñas, etcétera.

A escaseza de diminutivos é propia do seu estilo, pois estes asócianse aos afectos, á emotividade e iso é símbolo de debilidade, sometemento. Unicamente utiliza o sufixo *–iño* para referirse á muller.

A todo o anterior poderiamos engadir o uso de oracións aseverativas que realzan as súas ideas; símiles, lítotes, etcétera.

Rosalía de Castro (na imaxe, a súa casa), Curros e Pondal traballaron distintas vertentes do romanticismo

Respecto da súa métrica é un conservador: formas clásicas como oitavas, estancias, etcétera. Composicións en forma de romance que axudan a transmitir a súa mensaxe ideolóxica. Rima asonante que permite maior liberdade expresiva e non crea un ritmo tan marcado.

Na época en que vive Pondal, o romanticismo esténdese a diferentes áreas: na política, co rexionalismo (e celtismo), na literatura e na sociedade. É un romanticismo social e liberal manifestado de formas diferentes. Así, Rosalía foi a encargada de recuperar a nosa identidade a través do popularismo e do costumismo; con Curros chega o romanticismo combativo, de denuncia social; para rematar, Pondal representou ao romántico recluído no seu mundo (interior) poético.

Manuel Curros Enríquez, xunto con Pondal, cultivou unha literatura de liberación colectiva

No aspecto lingüístico, intentou dignificar o galego, convertelo en idioma literario culto. No literario pretendeu crear unha arte verdadeira; a súa poesía é unha realización erudita dos temas populares, da realidade galega. A súa perspectiva é a intelectual, fronte

A batalla das Termópilas, de Jacques-Louis David, representa o imaxinario pondaliano

ás tendencias xerais da literatura de fins do século XIX, nas que o sentimento é o verdadeiro criterio, e non a razón. En Pondal atopamos un espírito aristocrático, de altos voos que o van apartar da aceptación popular que gozaron Curros ou Rosalía.

É un elitista por vontade propia e tamén por circunstancias. E se non, ¿cantos galegos leran, por aquel entón, os poemas ossiánicos de Macpherson? ¿Cantos coñecían a épica grega ou a gramática latina? É, pois, un dos imprescindibles clásicos de calquera literatura e, neste caso, a galega non é menos.

Algúns dos fundadores da Real Academia Galega, nunha foto tomada en 1904. Están, de esquerda á dereita, de pé, Uxío Carré Aldao, Florencio Vaamonde, Francisco Tettamancy e Eladio Rodríguez; sentados, José Ogea, Manuel Murguía, Manuel Curros e Andrés Martínez Salazar

O CENTENARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA (1906-2006) 2

A Real Academia Galega vive no 2006 o ano do seu centenario. A necesidade da súa creación exposta por diferentes escritores do século XIX non chegará a efectuarse ata o 30 de setembro de 1906, data da súa constitución no salón da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesáns. Un ano antes, o 12 de outubro de 1905, constituírase na Habana La Sociedad Protectora de la Academia Gallega, tendo como presidente a Curros Enríquez e como impulsor a Xosé Fontenla Leal. Anteriormente, en 1895, case ten lugar na Coruña a constitución dunha academia galega presidida por Emilia Pardo Bazán, Murguía e Curros, pero diferenzas persoais non o permitirían.

Año IV — Coruña.—Viernes 17 de Julio de 1885 — Núm. 1.115

La Voz de Galicia

DIARIO ILUSTRADO, POLÍTICO Y MERCANTIL

Rosalía Castro.

Artigo dedicado a Rosalía de Castro con motivo do seu falecemento publicado en *La Voz de Galicia* en 1885

A Real Academia Galega é unha institución científica que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego.

A historia da Academia pasará por diferentes etapas, desde 1906 hasta 1923, presidida por Murguía. Máis recentemente, por Xosé Ramón

Barreiro, que deu gran impulso á informatización dos fondos documentais adquiridos.

Actualmente está presidida por Xosé Luís Méndez Ferrín.

Os seus traballos conseguiron a estandarización do escudo e a bandeira de Galicia, así como o himno galego *Os pinos*, que se estreou o 20 de decembro de 1907 no Gran Teatro de La Habana. Este foi o resultado do esforzo de coordinación de Xosé Fontenla Leal, que escolle un poema de Pondal, *Os pinos*, con música de Pascual Veiga.

No ano 1963 decídese a aprobación do Día das Letras Galegas con motivo do centenario da publicación de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, o 17 de maio de 1863.

Unha das celebracións do centenario da Real Academia, en Tui

Na foto, a maior parte dos compoñentes do actual consello da RAG, na sede da Academia

3 OUTROS ESCRITORES DO PRIMEIRO RENACEMENTO GALEGO (2.ª METADE DO SÉCULO XIX)

Seguindo a Carballo Calero, podemos distinguir dous grupos de escritores que publican as súas obras durante a época do renacemento galego (Rexurdimento): os «diádocos» e os «epígonos». Co nome de «diádocos» refírese aos escritores coétaneos dos tres grandes mestres do século XIX (Rosalía, Curros e Pondal); e coa denominación de «epígonos» engloba a todos aqueles autores que seguiron os pasos dos mestres e tomáronos como modelos na súa produción literaria.

Dada a extensa nómina de escritores dun e doutro grupo, faremos mención dos máis destacados.

Tumba de Manuel Leiras Pulpeiro en Mondoñedo

3.1. Poesía

Os poetas continuadores do labor de recuperación da lingua e cultura galegas, iniciada por Rosalía, Curros e Pondal, pódense agrupar –á súa vez– en dúas correntes: unha máis orientada a unha poesía de contido social, na liña marcada por Rosalía e, sobre todo, por Curros; e a outra corrente, máis interesada pola depuración estilística, seguidora do camiño iniciado por Pondal.

Na corrente de poesía de contido social destacan:

Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-1906), escritor prolífico na súa produción poética, xornalística e narrativa.

Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, 1854-1912), quen estudou Medicina en Madrid e exerceu a súa profesión no seu pobo natal ata o día do seu falecemento.

Francisca Herrera Garrido (A Coruña, 1869-1950), unha das primeiras figuras femininas da literatura galega.

Na corrente da poesía estilista, cabe salientar aos seguintes autores:

Florencio Vaamonde Lores (Ouces-A Coruña, 1860-A Coruña, 1925), que escribiu, principalmente, obras de carácter lírico, ademais do poema épico *Os calaicos* (1894), onde se mostra claro continuador de Pondal.

Manuel Lugrís Freire (Sada-A Coruña, 1863- A Coruña, 1940). Emigrou a Cuba cando tiña vinte anos. En La Habana publicou o seu primeiro libro, titulado *Soidades* (1894), cunha carta-prólogo de Curros.

Entre outros poetas do momento, cabe mencionar a:

Evaristo Martelo Paumán, autor de *Líricas gallegas* (1894) –de carácter patriótico–, no que encomia a Pondal e ataca aos poetas galegos coetáneos que estragaban o idioma.

Manuel Lugrís pronunciando un discurso. Ilustración publicada en *La Voz de Galicia*

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, autor de *Folerpas*, cadros de costumes tópicos, e de *Oraciós campesiñas*, poemas sentimentais e descritivos.

Eladio Rodríguez, de pé á dereita, con outros compañeiros da Real Academia

FOLERPAS

CAÍNDO... CAÍNDO

Tamén teñen as nevadas
nas aldeas atractivos:
tamén teñen seus encantos:
tamén teñen seus feitizos.
Algo triste y-algo alegre
se esprimenta ôn tempo mismo
cando, mainas, as folerpas
van caíndo... caíndo...

En bandadas os paxaros,
andan xuntos dando píos;
cobre a neve vals e montes,
pónse o ceo máis promizo,
dormen todal-as aldeas,
y-as folerpas, a anaquiños,
pouco á pouco... pouco á pouco...
van caíndo... van caíndo...

Enrique Labarta Pouse, poeta festivo que destacou polos seus *Contos humorísticos*.

Benito Losada, poeta costumista, autor de *Soaces dun vello*, entre outras obras.

3.2. Prosa

Entre os escritores que se poden considerar precedentes da consolidación da prosa galega, destacaremos figuras como:

Marcial Valladares (Vilacosta, Berres-A Estrada, 1821-1903). Ademais da súa produción


PEDRO MADRUGA

DRAMA HISTÓRICO

N'UN AUTO E TRES COADROS

EN VERSO

POR

XAN CUVEIRO PIÑOL

PONTEVEDRA

1907

Pedro Madruga, de Xan Cuveiro, é unha mostra de teatro histórico

poética, Valladares escribiu contos en diversos xornais, creou unha gramática e un dicionario, e foi o autor da primeira novela escrita en galego: *Maxina ou a filla espúrea* (1880).

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL, que, aínda que destacou como poeta, é tamén o autor dun libro de auténtico éxito popular: *O catecismo do labrego* (1889), onde denuncia a vida dura dos campesiños arrasados polos poderes políticos e económicos.

Lamas Carvajal foi un destacado membro do xornalismo en Ourense, onde dirixiu, entre outros xornais convencionais, un semanario de ton crítico e festivo titulado *O tío Marcos da Portela*, o primeiro xornal escrito integramente en lingua galega.

ANTONIO LÓPEZ FERREIRO (Santiago, 1837-1910). Cursou a carreira eclesiástica, ademais da de Filosofía e Letras. A súa actividade literaria considerouse unha prolongación do seu traballo como historiador. Publicou tres novelas históricas: *A tecedeira de Bonaval* (1894), *O castelo de Pambre* (1895) e *O niño de pombas* (1905). O seu

labor restaurador e rehabilitador da lingua galega quedou plasmado nos seus escritos.

Francisco Álvarez de Nóvoa (Granada, 1873-Ourense, 1936), quen destacou tanto pola súa habilidade na descrición –e os seus trazos tradicionais– como nas técnicas narrativas. Escribiu unha serie de contos que foron publicados baixo o título de *Pé dás Burgas* (1896), no que trata temas máis universais que os típicos motivos costumistas de ambiente rural, escollidos por moitos outros escritores como tema central das súas obras.

En *A Nosa Terra* escribiron moitos dos autores desta época

Uxío Carré Aldao (A Coruña, 1859-1952), desempeñou un papel relevante no rexionalismo de finais de século, participando en diversas actividades culturais. Destaca como estudoso da literatura, historia e xeografía de Galicia con obras como: *Literatura gallega*, *Influencias de la literatura gallega en la castellana* ou *Geografía de Galicia*.

3.3. Teatro

O teatro foi o xénero literario que menos produción deixou na historia da literatura galega. No século XIX, distínguense basicamente dúas liñas dramáticas:

A fonte do xuramento é considerada a primeira peza de teatro do renacemento galego

Primeiro drama en dialecto galego.

A FONTE DO XURAMENTO

Francisco Mª de la Iglesia y González.

CRUÑA

1863

a) O teatro histórico, que reconstrúe episodios da historia de Galicia mesturados con elementos folclóricos ou lendarios. A súa intención é, principalmente, propagandística e de carácter patriótico.

Un exemplo desta tendencia é a obra de Xan Cuveiro Piñol, *Pedro Madruga* (1897), cuxa trama central xira ao redor da loita sucesoria contra Isabel a Católica, e ao redor da defensa da independencia galega.

Outra obra destacada de asunto medieval foi a de Galo Salinas, *A Torre de Peito Burdelo* (1880).

Galo Salinas desenvolveu un traballo intenso a favor do galego coa creación da escola rexional de declamación.

b) O teatro social, onde se tratan temas costumistas, en moitas ocasións con intención crítica ou moralizante. Forman parte desta tendencia o drama *¡Filla!* (1892), de Galo Salinas; *A fonte do xuramento* (1882), de Francisco María de la Iglesia, como primeira peza de teatro do renacemento galego; e a obra que destaca como a primeira peza de teatro galego en prosa: *A ponte* (1903), de Manuel Lugrís Freire, autor dunha ampla produción dramática de carácter social.

3.4. Ensaio

As manifestacións literarias ensaísticas máis destacadas desta época están escritas en castelán. A este respecto cabe salientar, entre outros autores, a: Manuel Murguía; Alfredo Brañas Menéndez (Carballo, 1859–Santiago de Compostela, 1900), político, xurista, economista e un dos primeiros oradores en lingua galega e Benito Vicetto Pérez (Ferrol, 1824-1878), considerado como o iniciador do rexionalismo.

Ilustración de Alfredo Brañas publicada en *La Voz de Galicia*

Aínda terían que pasar algúns anos para que se escribise o ensaio en lingua galega.

Bibliografía dos tomos 9 a 12

Alonso Montero, Xesús: **Curros Enríquez ou a poesía como loita**, en Grial, 17, Vigo, Ed. Galaxia, 1967.

Rosalía de Castro, Madrid, Ed. Júcar, 1975, 3.ª ed.

Ansede Estraviz, Alberte e Sánchez Iglesias, Cesáreo (dir.): **Historia da literatura galega**, Vigo, Ed. A Nosa Terra, 1996, Vol. I.

Blanco, Carmen: **Literatura galega da muller**, Vigo, Ed. Xerais, 1991.

Cañada, Silverio (dir. ed.): **Gran Enciclopedia Gallega**, Santiago de Compostela, 1974, Tomos XIII, XXII e XXXVI.

Carballo Calero, Ricardo: **Historia da literatura galega contemporánea**, Vigo, Ed. Galaxia, 1981, 3.ª ed.

Poesía de Curros Enríquez, Grial, 18, Vigo, Ed. Galaxia, 1967.

CARRÉ ALVARELLOS, L.: **MANUEL CURROS ENRÍQUEZ. SÚA VIDA E OBRA.** (Ensaio bibliográfico), Buenos Aires, Ed. Galicia, 1953.

CASTRO, ROSALÍA DE: **CANTARES GALLEGOS**. Ed. de R. Carballo Calero, Madrid, Ed. Cátedra, 1989, 8.ª ed.

CANTARES GALLEGOS. Ed. de Pilar García Negro, Vigo, AS-PG, 1996.

EN LAS ORILLAS DEL SAR. Edición, introducción e notas de Marina Mayoral, Madrid, Clásicos Castalia, 1982.

OBRA GALEGA COMPLETA. Ed. de Xesús Alonso Montero, Madrid, Akal, 1989.

CURROS ENRÍQUEZ, MANUEL: **AIRES DA MIÑA TERRA**. Ed. de Benito Varela Jácome, Vigo, Ed. Xerais, 1990.

DAVIES, CATHERINE: **ROSALÍA DO CASTRO NO SEU TEMPO**, Vigo, Ed. Galaxia, 1987.

DOBARRO PAZ, XOSÉ M.ª: **O NACEMENTO DUNHA LITERATURA**, en Rodríguez Iglesias, Francisco (ed.): Galicia. Literatura. Os Séculos Escuros. O Século XIX, A Coruña, Hércules Ediciones, 2000, Tomo XXXI.

FERREIRO, CELSO E.: **EL REALISMO DRAMÁTICO: CURROS ENRÍQUEZ**, en Curros Enríquez. Biografía, A Coruña, Ed. Manuel Moret, 1954.

GÓMEZ SÁNCHEZ, ANXO E QUEIXAS ZAS, MERCEDES: **HISTORIA XERAL DA LITERATURA GALEGA**, Vigo, Ed. A Nosa Terra, 2001.

IGLESIAS DIÉGUEZ, ALFREDO: **GALEGOS NA HISTORIA. MANUEL MURGUÍA. IDEÓLOGO DO GALEGUISMO**, Vigo, Ir Indo, 2000.

LORENZO, RAMÓN: **A LINGUA LITERARIA NA ÉPOCA DE ROSALÍA**, en Actas do Congreso internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega-Universidade de Santiago de Compostela, 1986, Tomo III.

MARCH, KATHLEEN N.: **DE MUSA A LITERATA: EL FEMINISMO EN LA NARRATIVA DE ROSALÍA DE CASTRO**, A Coruña, Ed. do Castro, 1994.

PONDAL, EDUARDO: **QUEIXUMES DOS PINOS**. Ed. de Xavier Senín, Vigo, Ed. Galaxia, 1991, 2.ª ed.

POULLAIN, CLAUDE HENRI: **ROSALÍA DE CASTRO E A SÚA OBRA LITERARIA**. Traducción de Margarita Neira López y Blanca-Ana Roig Rechou, Vigo, Ed. Galaxia, 1989.

RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, FRANCISCO: **ANÁLISE SOCIOLÓXICA DA OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO**, Vigo, AS-PG, 1998.

TARRÍO VARELA, ANXO: **LITERATURA GALEGA. APORTACIÓNS A UNHA HISTORIA CRÍTICA**, Vigo, Ed. Xerais de Galicia, 1998, 2.ª ed.

VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: **VIDA Y OBRA DE CURROS ENRÍQUEZ**, Ed. Galicia, Centro Gallego de Buenos Aires, 1953.

VILAVEDRA, DOLORES: **HISTORIA DA LITERATURA GALEGA**, Vigo, Ed. Galaxia, 1999.

XACOBEO 2010
Galicia

XUNTA
DE GALICIA

2010
ano da lectura